



DATOS IDENTIFICATIVOS

Expresión corporal e danza

Materia	Expresión corporal e danza			
Código	P02G110V01945			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	García Pintos, Isidro			
Profesorado	García Pintos, Isidro			
Correo-e	isidrogarcia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A Expresión corporal e danza forma parte da Área de Didáctica da Expresión Musical e engloba os coñecementos motrices, coreográficos, corporais, rítmicos e expresivos da educación musical de nenos e nenas en idade infantil.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C45	Coñecer a tradición oral e o folklora.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.
C57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
C58	Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.
D1	Capacidade de análise e síntese

D2	Capacidade de organización e planificación
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Coñecer os fundamentos e desenvolvemento da didáctica da expresión corporal e a danza e ser capaz de realizar adaptacións que permitan acceder a todo o alumnado de primaria ao desfrute da música e ao seu uso como medio de expresión.	A1 A3	B1 B2 B11	C54 C55 C57	D5 D6 D9 D14 D15 D16 D19 D21
2. Ser capaz de analizar as correntes de educación musical a través do movemento, extraendo conceptos e liñas metodolóxicas cunha coherencia sistemática.	A2 A4	B2 B12	C53 C54 C56 C57 C58	D5 D7 D11 D18 D20
3. Coñecer a importancia da danza dentro da historia da música nas diversas culturas.	A1 A5	B8 B12	C45 C53 C54	D1 D2 D12 D13 D14 D16 D19
4. Saber utilizar o xogo musical como elemento didáctico e como contido.	A3 A4	B2 B8 B11	C55 C56 C57 C58	D1 D2 D8 D9 D11 D12 D14 D17 D18
5. Ser capaz de utilizar referencias variadas para improvisar só ou en grupo.	A2	B2 B8 B11	C54 C56	D1 D2 D7 D8 D13 D15 D17 D19 D20 D21
6. Dominar a didáctica da expresión corporal-danza, así como as técnicas de programación, deseño de sesións, elección e creación de recursos e estratexias de intervención.	A1 A2	B2 B8	C53	D2 D5 D8 D9 D13 D16 D18

7. Coñecer os fundamentos da cultura popular, con especial referencia ao folclore propio da comunidade autónoma.	A4	B2 B12	C53 C58	D8 D12 D13 D14 D17 D19 D21
8. Coñecer e dominar os principios da expresión e a comunicación corporal máis directamente relacionados co feito musical e coa danza.	A4	B2 B8 B11	C53 C54 C55 C56	D1 D9 D12 D15 D17 D18 D19 D21
9. Coñecer os procesos da creación coreográfica aplicada ás aulas de educación primaria.	A3	B2 B11	C54 C56	D2 D6 D9 D11 D12
10. Coñecer un amplo repertorio de danzas do mundo e os seus procedementos didácticos dentro da educación primaria.	A4 A5	B2 B11	C53 C54	D6 D9 D12 D13 D15 D19 D21
11. Fomentar a práctica do traballo corporal expresivo como medio de autocoñecemento e de comunicación humana.	A1 A4	B2 B8 B11 B12	C45 C56 C58	D1 D5 D12 D13 D15 D16 D21

Contidos

Tema	
1- Esquemas rítmicos e polirrítmias. Improvisación rítmica	1.1 A expresión corporal e o ritmo musical como bases do movemento danzado 1.2 Técnicas de traballo do ritmo na Educación Primaria 1.3 O canon rítmico 1.4 A improvisación como base para a creación de novos ritmos
2- Percusións corporais	2.1 O significado de corpo e a expresión corporal 2.2 Técnicas básicas de Expresión Corporal 2.3 A percusión corporal 2.4 Percusión corporal e tubos sonoros
3- Xogos motrices e cancións con movemento	3.1 Cancións para o desenvolvemento da personalidade 3.2 Cancións para o desenvolvemento do control e axuste postural 3.3 Cancións para o desenvolvemento do esquema corporal 3.4 Cancións para o desenvolvemento do equilibrio 3.5 Cancións para o desenvolvemento da respiración 3.6 Cancións para o desenvolvemento da relaxación 3.7 Cancións para o desenvolvemento da temporalidade 3.8 Cancións para o desenvolvemento da espacialidade 3.9 Cancións para o desenvolvemento da coordinación
4- Creación coreográfica. Elementos. Procesos	4.1 A coreografía como proceso de invención e creación na aula 4.2 Danzas de presentación e danza aeróbica 4.3 Outros recursos didácticos: sombras chinescas corporais, sabas, máscaras
5- Danza galega, danzas do mundo e bailes de salón. Aplicacións na aula	5.1 A danza na historia 5.2 Danza e Folclore do mundo: representación, simbolismo, función, traxes... 5.3 Danza galega 5.4 Os bailes de salón
6- Danza e improvisación: fontes motivadoras e procesos	6.1 Técnicas de desenvolvemento creativo: improvisación e construción 6.2 A dramatización como proceso. Match de improvisación. O clown 6.3 Improvisación en danzas, bailes e cancións como medio de expresión e motivación do alumno

7- Metodoloxías para a didáctica da expresión corporal-danza na escola

7.1 Aspectos clave para o ensino e a aprendizaxe da expresión corporal e a danza
 7.2 Técnicas de concienciación corporal. Técnica Alexander e Técnica de Jacobson
 7.3 Correntes pedagóxicas participativas e metodoloxías integradoras da expresión corporal e a danza na Educación Primaria

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	22	33	55
Lección maxistral	10	0	10
Presentación	10.5	9.5	20
Resolución de problemas de forma autónoma	0	10	10
Debate	10	0	10
Cartafol/dossier	0	20	20
Práctica de laboratorio	0	25	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Presentación	O estudante participará na creación de distintas presentacións e exposicións que o profesor propoña na aula.
Resolución de problemas de forma autónoma	O estudante traballará de forma autónoma para resolver os distintos problemas que se vaia atopando tanto como parte dun grupo ou de maneira individual.
Debate	Apertura de debates e discusións para compartir e ver puntos de vista, para extraer conclusións e co obxecto de reflexionar como medio para a aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realización de coreografías grupais e propostas motrices didácticas sobre cancións propostas
Lección maxistral	Exposición de cancións motrices orientadas a fins concretos e de danzas do mundo concretas
Presentación	Presentacións grupais de actividades encamiñadas ó desenvolvemento dos nenos e das nenas
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución tanto individual como grupalmente dos problemas que van xurdindo na realización das tarefas
Debate	Presentacións comúns de temas con diferentes enfoques e aportacións de diferentes puntos de vista
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Realización dun dossier ou diario de clase no que se recollan aqueles datos realmente importantes ou destacables así como sirva de memoria e guía docente
Práctica de laboratorio	Realización de distintas probas que sirvan para valorar o grao de asentamento dos obxectivos e o grao de acerto entre o planeado e o logrado

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---

Traballo tutelado	Asistencia, participación, implicación e resolución de exercicios ou proxectos propostos.	40	A1 A2	B2 B8 B11	C53 C54 C55 C56	D2 D9 D12 D13 D14 D15 D17 D19 D21
Presentación	Participación e implicación nas distintas presentacións que se propoñan, tanto individuais como grupais.	10	A4 A5	B2 B12	C45 C55 C56	D1 D2 D9 D18 D21
Resolución de problemas de forma autónoma	Capacidade de resolución de exercicios de forma autónoma.	10	A3 A4	B1 B2	C53 C55 C56 C57 C58	D1 D2 D12 D13 D16 D18 D21
Cartafol/dossier	Dossier organizado con todas as actividades levadas a cabo na materia por todos os membros da clase e tanto teóricas como prácticas.	20	A4	B8	C54 C56 C58	D5 D7 D8 D15 D16 D17 D19 D20
Práctica de laboratorio	Realización individual e grupal dunha proba práctica.	20		B2	C53 C54 C55 C56	D2 D9 D12 D13 D14 D16 D18 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN:

Aplicaranse dous sistemas de avaliación diferenciados para o alumnado Asistente (avaliación continua) e o Non Asistente (avaliación global). O alumnado que por diversos motivos non poida participar no desenvolvemento da materia en calidade de Asistente deberá poñerse en contacto co profesorado nos primeiros días de inicio da materia para informar desta situación e poder ser convenientemente avaliado. Do mesmo modo, todo aquel alumnado que, sen notificar esta situación, asista a menos do 80% das sesións prácticas será considerado para todos os efectos como Non Asistente.

Modalidade de avaliación continua: A nota final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados especificados no cadro superior.

Modalidade de avaliación global: Os alumnos/as non asistentes, realizarán un exame práctico relacionado cos resultados de aprendizaxe da materia. A avaliación e a superación da mesma virá determinada do seguinte xeito:

- O alumno ou alumna terá que simular unha situación de aula de infantil e mostrar e ensinar dúas danzas, unha libre e unha danza do mundo. Ademais terá que comentar detalladamente todos os aspectos didácticos que tivo e ten en conta para poñela en práctica. 40%
- O alumno ou alumna terá que entregar un dossier sobre as actividades levadas a cabo nas clases. O profesor lle indicará cales e terá que constar unha descrición detallada das mesmas, así como expoñelas diante do profesor. 30%
- O alumno ou alumna terá que realizar dúas danzas, unha libre e unha danza do mundo, en grupo de 4 a 6 participantes, e na que, aquí sí, a complexidade e precisión na exudación das mesmas, serán tamén valoradas. 30%

Do mesmo xeito que na modalidade Presencial, a nota final virá dada pola suma das puntuacións obtidas en cada unha das

partes.

SEGUNDA CONVOCATORIA:

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo, gardándose a nota da parte superada (exclusivamente para o presente curso académico), tanto na modalidade de avaliación continua como na global.

As datas de exames pódense consultar na web da facultade no apartado de organización académica

<http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BATALHA, A.P., **Metodología do ensino da danza**, UTL, 2004

BERGE, I., **Danza la vida. El movimiento natural. Una autoeducación holística.**, Narcea, 2000

KALMAR, D., **¿Qué es la Expresión Corporal?**, Lumen, 2005

Learreta Ramos, B. y otros, **Didáctica de la Expresión Corporal**, Inde, 2005

MONTAVEZ, M.; ZEA, M.J., **Expresión Corporal. Propuestas para la acción.**, Re-crea., 1998

RUANO, K., SÁNCHEZ, G., **Expresión Corporal v Educación.**, Wanceulen., 2009

Bibliografía Complementaria

Knapp, M. L., **La comunicación no verbal: el cuerpo y el entorno.**, Paidós, 1992

Motos, T., **Iniciación a la expresión corporal: teoría, técnica y práctica.**, Humanitas, 1983

Pascual Mejía, P., **Didáctica de la Música. Infantil.**, Pearson, 2006

Pascual Mejía, P., **Didáctica de la Música. Primaria.**, Pearson, 2002

Pease, A., **El lenguaje del cuerpo**, Paidós, 1993

Salzer, J., **La expresión corporal.**, Herder, 1984

Santiago, P., **Desde la expresión corporal a la comunicación interpersonal**, Narcea, 1985

Schinca, M., **Expresión corporal.**, Escuela Española, 1989

Scott, M.D.; Powers, W.G., **La comunicación interpersonal como necesidad**, Narcea, 1985

Stokoe, P.; Schaechter, A., **La expresión corporal**, Paidós, 1984

Winnicott, D.W., **El gesto espontáneo**, Paidós, 1993

Zimmermann, D., **Observación y educación no verbal en la escuela infantil**, Morata, 1987

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase:

- 1) Asistencia continua a clases.
- 2) Actitude favorable, receptiva e participativa.